

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2019/8

DATA: sábado 15 de xuño de 2019

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 12:00 h

HORA DE REMATE: 12:38 h

SECRETARÍA MONICA PICHEL GARCIA, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG

ADELINA CES QUINTANS
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
TOBIAS BETANZOS REGO
RAQUEL GARCIA ABUIN

PSdeG-PSOE

MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑIZ
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

PP

GERMAN ALLUT VIDAL
MARIANO JOSÉ MOARES RIAL
FRANCISCO RUBIO VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO

RIANXO en COMÚN

JULIAN BUSTELO ABUIN-BRION
JULIO ALCALDE HERMO

CIUDADANOS

SARA MARÍA RESÚA PATIÑO

AUSENTES

ORDE DO DÍA

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE
2. COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.
3. XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELLEIROS/AS E TOMA DE POSESIÓN
4. ELECCIÓN DA ALCALDÍA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 130,387 exp. 2019/G010/000008

5. XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE
6. DACIÓN DE CONTA DO ARQUEO EXTRAORDINARIO E INFORME DE COMPROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS.

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:

2QOXvAAyLugJhMZ345epN/w8JtVde9NoFHmhlwZnhjg=

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=116IIXI0E5A>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

Sinalase que de acordo co previsto no artigo 195.2 da LOREG e artigo 37-2 ROF, integran a Mesa os electos de maior e menor idade.

Comeza o chamamento aos electos de maior e menor idade presentes para formar a Mesa de Idade, que será presidida polo maior, sendo Secretaria da Mesa a Secretaria desta Corporación. Así resulta:

MESA DE IDADE

Presidencia: D. GERMAN ALLUT VIDAL
Electo asistente de maior idade.

D. JULIAN BUSTELO ABUIN
Electo asistente de menor idade.

Secretaria:
D.ª Mónica Pichel Garcia, Secretaria da Corporación.

2.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.

Comprobáñse pola Mesa de Idade as credenciais presentadas coa acta remitida pola Xunta Electoral, figurando as seguintes no expediente desta sesión:

1. Adolfo Francisco Muíños Sanchez.- presentada
2. Adelina Ces Quintáns.- presentada
3. Hadriana Ordoñez Otero.- presentada
4. Xusto Xosé Ordoñez Figueira.- presentada
5. Tobias Betanzos Rego.- presentada
6. Raquel Garcia Abuin.- presentada
7. German Allut Vidal.- presentada
8. Mariano José Moares Rial.- presentada
9. Francisco Rubio Vicente.- presentada
10. Alicia Carou Romero.- presentada
11. M^a del Carmen Figueira Ares.- presentada
12. Francisco Javier Garcia Ares.- presentada
13. Maria José Tembra Muñiz- presentada
14. Rosa Maria Garcia Figueira.- presentada
15. Julián Bustelo Abuin.- presentada
16. Julio Alcalde Hermo.- presentada
17. Sara María Resúa Patiño.- presentada

Asemade a Secretaria informa que os/as electos/as en cumprimento do disposto no número 5 do artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, do 21 de abril, achegaron a **declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais.**

Infórmaselles que caso de incorrer nalgunha incompatibilidade haberá de someterse a declaración plenaria, debendo o concelleiro en cuestión optar pola renuncia ao cargo de concelleiro ou á actividade que a ocasiona no prazo de dez días dende aquel momento.

3 XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELLEIROS/AS E TOMA DE POSESIÓN

A Secretaria da paso ao punto de formulación do xuramento ou promesa de acatamento a Constitución legalmente esixido. Para estes efectos cada un dos/das electos/as a concelleiro/a, a medida que vaian sendo chamados, dirixiranse á Mesa a efectos de presta-lo seu xuramento ou promesa.

A Secretaria explica que o chamamento farase pola orde en que aparecen os electos na acta de proclamación, remitida pola Xunta Electoral de Zona, quedando para o final os membros da Mesa de Idade, tomando posesión a vogal ante o Presidente, e este último ante a Secretaria.

A continuación procedeuse a presta-lo xuramento ou promesa legalmente esixido por cada un dos Sres/as. Concelleiros/as electos/as baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, que se reproduce a continuación:

“Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO/A, con lealdade o Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Contestando:

- 1.- Adolfo Francisco muíños sanchez.- Promete legal a fórmula esixida e engade E con Castelao como noso guía, para servir ao pobo de Rianxo si prometo.
- 2.- Adelina ces Quintáns.- Promete legal a fórmula esixida e engade E con Castelao como noso guía, para servir ao pobo de Rianxo si prometo.
- 3.- Xusto Xosé Ordoñez Figueira.-Promete legal a fórmula esixida e engade E con Castelao como noso guía, para servir ao pobo de Rianxo si prometo.
- 4.- Tobias Betanzos Rego.- PPromete legal a fórmula esixida e engade E con Castelao como noso guía, para servir ao pobo de Rianxo si prometo.
- 5.- Raquel Garcia Abuin.- Promete legal a fórmula esixida e engade E con Castelao como noso guía, para servir ao pobo de Rianxo si prometo.
- 6.- Hadriana Ordoñez Otero.- Promete legal a fórmula esixida e engade E con Castelao como noso guía, para servir ao pobo de Rianxo si prometo.
- 7.- Mariano José Moares Rial.- Xura a formula legal
- 8.- Francisco Rubio Vicente.- Xura a formula legal
- 9.- Alicia Carou Romero.- Xura a formula legal
- 10.- Mª del Carmen Figueira Ares.-promete a formula legal
- 11.- Francisco Javier Garcia Ares.- promete a formula legal

12.- María José Tembra Muñiz.- Xura a formula legal

13.- Rosa Ana Garcia Figueira.-promete a formula legal

14.- Julio Alcalde Hermo.- Promete a fórmula esixida

15.- Sara María Resúa Patiño Xura a formula legal

Por último proceden os membros da mesa de idade:

16.- Julián Bustelo Abuín.- Promete por imperativo legal a fórmula esixida

17.- German Allut Vidal.- Xura a formula legal.- Xura a fórmula legal

CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Realizadas as operacións anteriores, a Mesa declara constituída a Corporación, ao concorrer a totalidade dos/das Concelleiros/as electos/as que figuran ao principio desta acta.-

4 ELECCIÓN DA ALCALDÍA

A continuación procederase á elección do titular da Alcaldía.

O Presidente da Mesa cede a palabra á Secretaria co obxecto de que explique o procedemento a seguir para a citada elección.

Dáse lectura ó artigo 196 da LOREX, que establece o procedemento para a elección de Alcalde.

<<Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento.

- ✓ Poden ser candidatos tódolos Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.*
- ✓ Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.*
- ✓ Se ningún deles obtén esta maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.>>*

O artigo 19 da LBRL remite para a elección do Alcalde á lexislación electoral xeral. O artigo 40 do ROF en similares termos engade: "... sen prexuízo da aplicación das normas relativas ao réxime das sesións plenarias do concello".

Así as cousas a LBRL en relación aos sistemas de votación dedica o artigo 46.2.d), que apunta unicamente as votacións ordinarias, isto é, a man alzada, e as nominais previo chamamento nos casos establecidos.

A secretaria pregunta aos efectos de presentar as correspondentes candidaturas:

Á lista do BNG: PRESENTASE

Á lista do PP: NON SE PRESENTA

Á lista do PSOE: NON SE PRESENTA

Á lista de RIANXO en COMÚN: NON SE PRESENTA

Á lista de CIUDADANOS: NON SE PRESENTA

Quedan PROCLAMADA A CANDIDATURA SEGUINTE:

- Polo BNG: D.^a Adolfo Fco. Muíños Sánchez.

A continuación sométese a votación do titular da Alcaldía, sendo o resultado o seguinte:

Votos Candidato do BNG: dez (10) (6 concelleiros da lista do NBG e 4 concelleiros da lista do PSOE)

Abstencións: catro (4 concelleiros/as da lista do PP, dous (2 concelleiros da lista de SON e un (1 concelleira da lista de Ciudadanos)

En consecuencia, por acadar a maioría absoluta de concelleiros desta corporación (10 de 17) queda proclamado Alcalde do Concello de Rianxo o Concelleiro candidato da lista do BNG, D. Adolfo Francisco Muíños Sánchez.

5 XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE

A Secretaria indica que a continuación procederá a **toma de posesión** de D. *Adolfo Francisco Muíños Sánchez*, como novo Alcalde do Concello de Rianxo, mediante a lectura de fórmula legal de xuramento ou promesa de acatamento a Constitución indicada no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril.

"Prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de ALCALDE, con lealdade o Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado". e engade: : si prometo. E con Castelao como noso guía, para servir ao pobo de Rianxo.

A Presidencia faille entrega do Bastón de mando e lle indica que proceda a ocupar a Presidencia da sesión, incorporándose os membros da mesa aos seus lugares de concelleiros.

O Alcalde toma a palabra para pronunciar o seu discurso

6 DACIÓN DE CONTA DO ARQUEO EXTRAORDINARIO E INFORME DE COMPROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS.

Para rematar a sesión, indícase que de conformidade co indicado no artigo 36 do ROF, elaborouse pola Secretaria xeral un informe relativo á situación do inventario municipal, no que se conclúe:

.../...

CONCLUSIÓN

De acordo co exposto, e tal e como se apuntaba en informe de secretaría posto a disposición da Corporación no ano 2015, despréndese que, mediante sucesivos acordos plenarios, ou sentencias xudiciais, ten sido modificado ó longo do tempo o documento denominado INVENTARIO MUNICIPAL, pero sen que en ningún caso esas modificacións ser recolleran no documento, algo, por outra parte, difícil de levar a cabo habida conta do seu formato.

Así mesmo e a pesar de que se recibe un novo inventario en data de 23 de marzo de 2018 , inventario redactado pola empresa INCOSA-SUMMA UTE FASE 5 LA CORUÑA , o mesmo non está aprobado polo Concello, descoñecendo esta funcionaria a calidade dos traballos presentados á vista da súa recente incorporación ao concello como secretaria do mesmo e á vista da ausencia dun informe xurídico e de fiscalización que fose elaborado no seu día para a recepción dos citados traballos.

Así mesmo sulíñase que, sen prexuízo de que o Inventario de Camiños non chegase a aprobarse definitivamente, á luz da normativa citada debe obrar no Concello un único inventario no que se integren todos os bens do Concello, debendo coordinarse nun único documento os traballos realizados ata o momento.

Así debe subliñarse a necesidade de proceder a unha pronta solución desta situación, que, en definitiva, non permite ter un coñecemento claro dos bens que pertencen a Corporación a efectos da súa protección, uso, cesión ou alleamento.

Do contido do presente informe pódese concluír que non resulta posible por esta Secretaría tomar as medidas precisas para que o día de constitución da nova Corporación se poida efectuar a comprobación a que se refire o artigo 36 do ROF, sen prexuízo de que o Pleno da Corporación, en base as competencias que lle outorga o Regulamento de Bens, decida o que estime oportuno.

Por outra banda pola Tesoureira accidental de Fondos Municipais, elaborouse a acta de arqueo esixida pola normativa e cuxo contido é o seguinte:

ASUNTO: ACTA DE ARQUEO 01/2019

TIPO: EXTRAORDINARIO (CONSTITUCIÓN MANDATO CORPORATIVO)

Nas dependencias da Tesouraría Municipal do Concello de *RIANXO*:

DÑA. María Jesús Fernández Reiriz, Tesoureira accidental do Concello de *Rianxo*, no exercicio das súas funcións legalmente atribuídas, actuando como responsable do depósito de metálico, efectos e valores en garantías constituídas mediante aval ou equivalente que se encontran baixo a súa custodia.

En base ó artigo 36 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que establece:

“1. O terceiro día anterior ao sinalado pola lexislación electoral para a sesión constitutiva dos Concellos, os Concelleiros cesantes, tanto do Pleno como, no seu caso, da Comisión de Goberno, reuniranse en sesión convocada ao só efecto de aprobar a acta da última sesión celebrada.

2. Os Secretarios e Interventores tomasen as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais efectúese un arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na Caixa Municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus Organismos autónomos.”

E para os efectos de efectuar unha acta de arqueo na Caixa da Tesouraría Municipal, mediante a comprobación contable, material e o reconto físico de fondos, efectos e valores depositados en data 14/06/2019, adxunta ó presente os seguintes ANEXOS:

1. ESTADO CONTABLE DE FONDOS, EFECTOS E VALORES A 31/12/2018 E 14/06/2019 (nesta data non consta o peche definitivo da contabilidade 2018 e traslado de saldos a 2019).
2. CADRO DETALLE DO RECONTO FÍSICO NA TESOURARÍA MUNICIPAL A 14/06/2019 DE GARANTÍAS DEPOSITADAS EN VALORES E EQUIVALENTE.
3. DOCUMENTOS BANCARIOS ACREDITATIVOS DE SALDOS EN CONTA MUNICIPAL A 14/06/2019

Faise contar que a conciliación bancaria a 31/12/2018 e posterior se encontra pendente de finalización debido a falla de arqueos mensuais no exercicio 2018 e a maiores o arqueo extraordinario por cambio de Tesoureiro municipal en data 31/07/2018 polo que faise necesario o arqueo do exercicio 2018 na súa totalidade; estanse a verificar operacións de ingreso e pago realizadas pola Tesouraría municipal no período comprendido entre 01/01/2018 e 31/08/2018 que non foron rexistradas na contabilidade e/ou no banco en forma debida o cal afecta aos saldos contables que deben considerarse provisionais a data 31/12/2018 e posterior ata a presentación pola Tesouraría municipal dun arqueo definitivo e conciliación relacionada a 31/12/2018 e posterior, ámbalas tarefas en curso neste momento.

É todo o que tivo a honra de informar o funcionario que subscribe o presente informe segundo o seu leal saber e entender, salvo erro ou omisión non intencionado e sen prexuízo de mellor opinión fundamentada en dereito.

En *Rianxo*, asinado dixitalmente.

A tesoureira accidental

ANEXO 1.

SALDOS 31/12/2018

Ord.	Descripción	Nº Cuenta	Saldo Inicial	Existencia inicial del periodo	Ingresos Periodo	Pagos Periodo	Existencias
TOT.			1.421.454,21 €	1.421.454,21 €	14.446.193,10 €	14.548.758,94 €	1.318.888,37 €

ARQUEO CONTABLE 01/01/2019-14/06/2019

Ord.	Descripción	Nº Cuenta	Saldo Inicial	Existencia inicial del periodo	Ingresos Periodo	Pagos Periodo	Existencias
	ORDINAL RESERVADO. NO UTILIZAR	--0-0000000000	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
1	Caja Corporacion	---	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
201	Banesto-Santander	BSCHEMMXXX-ES-33-00306157190897133271	181.390,85 €	181.390,85 €	33.322,11 €	100.000,00 €	114.712,96 €
202	Banco Pastor- GrBPopular	PSTRESMMXXX-ES-93-02388197550630000139	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
203	Banco Pastor - GrBPopular	PSTRESMMXXX-ES-48-02388197540660000576	57,87 €	57,87 €	0,00 €	0,00 €	57,87 €
204	BANCO POPULAR, CTA.CORRIE	POPUESMMXXX-ES-38-0238819756060000173	9.858,47 €	9.858,47 €	630,00 €	0,00 €	10.488,47 €
205	Banco Pastor - Popular	PSTRESMMXXX-ES-73-02388197530660000369	208.130,64 €	208.130,64 €	3.944,61 €	100.000,00 €	112.075,25 €
208	BBVA. CTA- CORRIENTE	BBVAESMMXXX-ES-86-01825947140200150711	513.478,65 €	513.478,65 €	1.073.639,27 €	1.359.109,99 €	228.007,93 €
209	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.	BBVAESMMXXX-ES-19-01825947150101503353	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
214	CAIXA NOVA	CAGLESMMXXX-ES-92-3110104312	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
215	Novacaixagalicia	CAGLESMMXXX-ES-98-20800310543110000104	201.855,49 €	201.855,49 €	2.872.834,21 €	3.059.581,98 €	15.107,72 €
216	ABANCA	CAGLESMMXXX-ES-98-20800310503110001050	1.108.113,13 €	1.108.113,13 €	523.586,07 €	525.000,00 €	1.106.699,20 €
217	Novacaixagalicia	CAGLESMMXXX-ES-52-20800310523110000131	53.616,77 €	53.616,77 €	19.021,48 €	45.000,00 €	27.638,25 €
218	BANCO SANTANDER, S.A.	BSCHEMMXXX-ES-02-00492933202914022451	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
219	CAIXABANK, S.A.	CAIXESBBXXX-ES-97-21004694900200083636	0,00 €	0,00 €	3.654,46 €	0,00 €	3.654,46 €
220	NOVACAIXAGALICIA	CAGLESMMXXX-ES-80-20800310553110001032	243.338,24 €	243.338,24 €	95.956,06 €	150.000,00 €	189.294,30 €
222	BANCO SANTANDER, S.A.	BSCHEMMXXX-ES-86-00492933292014022876	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
223	LA CAIXA	CAIXESBBXXX-ES-98-21004694960200006500	20.429,66 €	20.429,66 €	281,28 €	0,00 €	20.710,94 €
224	LA CAIXA	CAIXESBBXXX-ES-68-21004694910200019992	155.419,28 €	155.419,28 €	75.323,76 €	100.000,00 €	130.743,04 €
226	0129 ABANCA	CAGLESMMXXX-ES-54-3110000104	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
227	ICO LA CAIXA	CAIXESBBXXX-ES-92-0200058557	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
301	BANKINTER RD 4/2012-1ªFAS	BKBKESMMXXX-ES-21-0100041772	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
302	Bankinter RD 4/2012-2ªFas	BKBKESMMXXX-ES-71-01280110250100042395	1.362,16 €	1.362,16 €	0,00 €	1.362,16 €	0,00 €
396	BANKINTER, S.A. OP	BKBKESMMXXX-ES-96-01287671110100042396	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
401	BANCO SABADELL	BSABESBBXXX-ES-56-00812197150001089310	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
402	OP.TESOURERIA SABADELL	BSABESBBXXX-ES-56-00812197150001089310	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
701	Caja anticipos	---	420,35 €	420,35 €	2.489,50 €	2.635,67 €	274,18 €
702	anticipos de caixa fixa	---	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
703	anticipos de caixa fixa	---	314,40 €	314,40 €	1.438,42 €	842,82 €	910,00 €
704	Maria Jesus Hernando Aren	---	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
705	pagos a justificar	---	1.622,14 €	1.622,14 €	7.306,37 €	4.831,37 €	4.097,14 €
706	ACF Rebeca Suarez Martinez	---	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
901	Formalizacion	---	0,00 €	0,00 €	49.612,66 €	49.612,66 €	0,00 €
TOT.			2.699.408,10 €	2.699.408,10 €	4.763.040,26 €	5.497.976,65 €	1.964.471,71 €

.../...

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2019/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:

2QOXvAAyLugJhMZ345epN/w8JtVde9NoFHmhlwZnhjg=

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=116IIXI0E5A>